



DECRETO.- Ourense, 24 de xullo de 2015

Unha vez visto que figuran dentro da plantilla de persoal eventual desta Deputación, as seguintes prazas:

-Técnico medio de asesoramento ó Grupo Político do BNG. Número de postos:1. Clase de persoal: persoal eventual asimilado ó grupo A2. Complemento de destino: nivel 26. Complemento específico: 14.396,48 euros. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do grupo do BNG. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

-Administrativo de asistencia ó Grupo Político do BNG. Número de postos:1. Clase de pesoal: persoal eventual asimilado ó grupo C1. Complemento de destino: nivel 19. Complemento específico: 12.033,14 euros. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do grupo do BNG. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

Unha vez visto o escrito presentado polo portavoz do grupo provincial do BNG o día vinte e catro de xullo de dous mil quince.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ó persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Nomear como persoal eventual desta Deputación Provincial a don José Luis Seara Fernández, con NIF 34946818C coa categoría de Técnico Medio de asesoramento ó Grupo Político do BNG, asimilado o subgrupo A2, e a dona María Montserrat Nóvoa Gómez, con NIF 34991203S coa categoría de Administrativo de asistencia ó Grupo Político do BNG asimilado ó subgrupo C1, aboaránselle as pertinentes retribucións con cargo os orzamentos desta Corporación e debendo tomar posesión do referido cargo, con efectos do 24 de xullo de 2015.

2.- Publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Mándao e asíno o Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense, don José Manuel Baltar Blanco.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO